



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O CONCELLO DE
NOIA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO
PROXECTO "CONSTRUCCIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO NO CEIP
FELIPE DE CASTRO (NOIA)"**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Noia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Noia para levar a cabo as obras do proxecto de "Construcción de pavillón polideportivo no CEIP Felipe de Castro (Noia)".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A insuficiencia do equipamento deportivo en condicións axeitadas no CEIP Felipe de Castro de Noia, supón a oportunidade de construír un novo pavillón polideportivo na parcela do CEIP que permita a súa operatividade en condicións de seguridade e funcionalidade para a comunidade educativa así como a súa utilización, fóra do horario lectivo, polos colectivos da poboación do entorno.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

